

Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a actividade por conta propia. Ano 2017

Resumo de resultados 21/09/2018

Índice

Introdución.....	1
Traballo por conta propia segundo o número e importancia dos clientes; liberdade na fixación do horario de traballo	2
Causas e inconvenientes de traballar por conta propia	4
Comparativa entre as condicións laborais das persoas ocupadas por conta propia e por conta allea	6

Introdución

A [Enquisa de poboación activa \(EPA\)](#) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o [Instituto Nacional de Estadística \(INE\)](#) realiza dende 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade principal da EPA é coñecer a actividade económica no relativo ao seu compoñente humano. Está orientada a dar datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo (ocupados, parados, activos e inactivos) e a obter clasificacións destas categorías segundo diversas características. Tamén posibilita confeccionar series temporais homoxéneas de resultados.

Cada ano realízase un módulo específico no que se trata algún tema relacionado co mercado laboral e que completa a información da EPA. O módulo de 2017 ten como obxectivos...

- Identificar o colectivo de persoas traballadoras por conta propia economicamente dependentes. Analizar o número de clientes para os que traballaron, así como a influencia dos traballadores e das traballadoras sobre o seu propio horario de traballo.
- Analizar as condicións de traballo deste colectivo e os principais motivos para traballar por conta propia.

- Comparar as actitudes e as perspectivas dos traballadores e das traballadoras por conta propia e conta allea, como por exemplo, o seu nivel de satisfacción laboral.

Nota: neste módulo o colectivo de traballadores e traballadoras por conta propia defínese en virtude da Clasificación Internacional de Situación no Emprego (CISE) actualmente vixente. Non obstante, están excluídos do ámbito do módulo as chamadas axudas familiares (son as persoas ocupadas que traballan sen remuneración regulamentaria na empresa dun familiar co que conviven). Inclúense, por tanto, os empresarios e as empresarias con asalariados, os traballadores e as traballadoras independentes (ou empresarios/empresarias sen asalariados) e os membros de cooperativas.

Traballo por conta propia segundo o número e importancia dos clientes; liberdade na fixación do horario de traballo


O 70,7% das persoas que traballaron por conta propia en 2017 en Galicia tivo máis de 9 clientes nos últimos doce meses; o 12,5% tivo entre 2 e 9 clientes e un 12,2% non tivo clientes ou ben, só tivo un cliente, nos últimos doce meses.

Persoas traballadoras por conta propia segundo o número de clientes no último ano. Galicia. Ano 2017

Unidade: miles de persoas, porcentaxe (%)

	Cientes	Número
Total		224,3
Ningún cliente ou como máximo un nos últimos doce meses		27,4
Entre 2 e 9 clientes nos últimos doce meses		28,0
Máis de 9 clientes nos últimos 12 meses		158,6
Non sabe/Non contesta		10,3

- Ningún cliente ou como máximo un nos últimos doce meses
- Entre 2 e 9 clientes nos últimos doce meses
- Máis de 9 clientes nos últimos 12 meses
- Non sabe/Non contesta



Nota: o último ano refírese aos doce meses anteriores ao domingo da semana de referencia

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a actividade por conta propia ([descarga da táboa](#))


Por outra banda, das 211.500 persoas traballadoras por conta propia que tiveron polo menos un cliente nos últimos doce meses, o 8,7% tivo que adecuar a súa xornada de traballo pola influencia dos seus clientes.

Persoas traballadoras por conta propia con polo menos un cliente, segundo a súa influencia na decisión do seu horario de traballo. Galicia. Ano 2017

Unidade: miles de persoas, porcentaxe (%)

Influencia	Número
Total de traballadores por conta propia con polo menos un cliente	211,5
Decídeo o traballador	177,5
Decídeo o cliente ou clientes	18,3
Decídeo outra parte	14,9
Non sabe/non contesta	0,8

- Decídeo o traballador
- Decídeo o cliente ou clientes
- Decídeo outra parte
- Non sabe/non contesta



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a actividade por conta propia ([descarga da táboa](#))

Causas e inconvenientes de traballar por conta propia

O 27,7% das persoas que en 2017 traballaban por conta propia en Galicia decantouse por este tipo de emprego para continuar co negocio da familia. A segunda razón en importancia para escoller o traballo autónomo foi para aproveitar unha boa oportunidade: o 23,0% afirman que esta foi a razón que os motivou a traballar por conta propia. Outro 17,2% do colectivo investigado decantouse por esta vía ao non lograr atopar un traballo por conta allea.

Persoas traballadoras por conta propia segundo a razón principal pola que comezaron a traballar pola súa conta. Galicia. Ano 2017

Unidade: miles de persoas, porcentaxe (%)

Razón	Número	Porcentaxe
Total	224,3	100,0
Continuou co negocio familiar	62,1	27,7
É a práctica habitual na súa actividade	24,0	10,7
Non conseguiu atopar un traballo por conta allea	38,7	17,2
Non tiña intención nin plans de traballar por conta propia, pero comezou a facelo por unha razón distinta das anteriores	15,3	6,8
O seu anterior empregador pediulle que se dera de alta como traballador por conta propia	2,4	1,1
Presentóuselle unha boa oportunidade	51,5	23,0
Quería traballar por conta propia pola flexibilidade do horario de traballo	8,0	3,5
Quería traballar por conta propia por outro motivo	19,8	8,8
Non sabe	2,5	1,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a actividade por conta propia ([descarga da táboa](#))

As maiores dificultades que se atoparon os traballadores e as traballadoras por conta propia de Galicia foron experimentar períodos sen clientes, sen ter ningún pedido ou proxecto no que traballar (o 14,1% indicaron que pasaran por esta dificultade) e a falta de ingresos no caso de caer enfermo/a (o 12,6%). Por outra banda, o 18,4% das persoas deste colectivo afirma non sufrir ningunha dificultade.

Persoas traballadoras por conta propia segundo a maior dificultade ou inconveniente de traballar pola súa conta. Galicia. Ano 2017

Unidade: miles de persoas, porcentaxe (%)

Dificultade	Número	Porcentaxe
Total	224,3	100,0
Falta de financiación para o seu negocio	14,5	6,5
Falta de ingresos no caso de enfermidade	28,3	12,6
Non ter o control na fixación do prezo do seu propio traballo	11,3	5,0
Períodos de precariedade financeira	17,6	7,8
Períodos sen clientes, sen ter ningún pedido ou proxecto no que traballar	31,5	14,1
Retraso ou falta de pago dos clientes	25,7	11,5
Un nivel inadecuado de carga administrativa	8,5	3,8
Outras dificultades non mencionadas anteriormente	37,9	16,9
Non sufriu ningunha dificultade	41,4	18,4
Non sabe	7,5	3,3

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a actividade por conta propia ([descarga da táboa](#))


Comparativa entre as condicións laborais das persoas ocupadas por conta propia e por conta allea

O 90,1% do colectivo de traballadores e traballadoras por conta propia de Galicia pode influír tanto no contido como na orde das tarefas do seu emprego; no caso das persoas ocupadas por conta allea, esta porcentaxe sitúase no 43,6%.

No referido ás preferencias por modificar a súa actual situación profesional, obsérvase que a tendencia ao cambio é maior no colectivo que traballa por conta propia que no colectivo que traballa por conta allea. Así, o 23,9% dos traballadores e das traballadoras por conta propia desexa cambiar a súa situación profesional, mentres que no caso dos asalariados e asalariadas a porcentaxe é do 6,5%.

Persoas traballadoras por conta propia e por conta allea segundo o nivel de influencia sobre o contido e a orde das tarefas do seu emprego principal. Galicia. Ano 2017


Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a actividade por conta propia ([descarga da táboa](#))

Persoas traballadoras por conta propia e por conta allea segundo desexen ou non cambiar a súa situación profesional. Galicia. Ano 2017

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a actividade por conta propia ([descarga da táboa](#))

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_modulo_2017_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <http://www.ige.eu>